



COLEXIO DE XEÓGRAFOS

DELEGACIÓN GALEGA

**Sr. D. Senén Barro Ameneiro**

Excmo. e Mgnfco. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela  
Colexio de San Xerome  
Praza do Obradoiro s/n  
Santiago de Compostela 15782

Ferrol, 4 de xullo de 2007

Excmo. e Mgnfco. Reitor

O **Colexio de Xeógrafos** tivo noticia esta semana de que o Ministerio de Educación e Ciencia tiña convocado, para datas vindeiras, ós reitores de tódalas universidades españolas co gallo de afrontar o borrador do *Real Decreto polo que se establece a ordenación do ensino universitario oficial*.

Debido á falla de tempo e á urxencia do caso, redactamos esta carta para que teña en coñecemento os feitos e datos que deseguido lle expoñemos, de cara á devandita reunión.

O borrador de 26 de xuño de 2007 do citado Real Decreto sinala, no seu Anexo III, a existencia de 5 pólas de coñecemento (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Arquitectura e Enxeñería), e as materias básicas que conterà cada unha desas pólas, podendo darse o caso que unha materia estea inserida nunha, dúas ou mesmo tres pólas.

Nesta proposta a Xeografía está inserida, en exclusiva, dentro da póla de *Artes e Humanidades*, algo que, dende o punto de vista do Colexio de Xeógrafos non é atinado, nin está fundamentado, dado que a Xeografía actual traballa sobre moitos e diferentes eidos científicos e profesionais, por mor da súa percepción holística e integral da realidade espacial, eixo de traballo fundamental da ciencia xeográfica.

No seu momento o Colexio de Xeógrafos expresou a súa opinión sobre a necesidade de contar con máis pólas do coñecemento, para poder axeitarse mellor á realidade actual das distintas disciplinas, e propuxo a creación dunha nova póla que abranguería ás *Ciencias do Territorio*. Pero seica esta opción non callou, e agora se presenta un reparto de materias por área que tampouco se corresponde coa realidade da Xeografía, pois os seus campos de traballo hoxe en día están máis preto das Ciencias Sociais, aínda que tamén mantén relacións importantes coas áreas de Ciencias ou mesmo de Arquitectura e Enxeñería.

Por estes motivos o Colexio de Xeógrafos considera necesario a **inclusión da Xeografía como materia básica nas pólas de Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias e Artes e Humanidades**, debido ó seu fondo carácter transversal, característica cada vez máis valorada polas Administracións e polas empresas privadas á hora de contratar o seu persoal técnico.

Porén, argumentos non nos faltan. Non podemos expoñer todos, pero imos citar só algúns dos exemplos que amosan os vencellos da Xeografía con outras áreas máis relacionadas coas Ciencias Sociais ou coas Ciencias.

O Colexio de Xeógrafos créase por mor da Lei 16/1999, publicada no BOE de 5 de maio de 1999, de cara a defender os dereitos dun importante colectivo profesional de xeógrafos e xeógrafas. Por outra banda, no Artigo 15 dos Estatutos provisionais do Colexio, sinálase que:

*Considéranse como actividades que desempeñan os Xeógrafos na súa actividade profesional aquelas relacionadas co diagnóstico, a planificación e a xestión do territorio*



*e o medio ambiente. Entre as actividades que desenvolve o xeógrafo cabe destacar a modo indicativo as seguintes:*

- a) A creación, actualización, contraste ou verificación de información territorial, e a súa expresión cartográfica.*
- b) A implantación, manexo e desenvolvemento de sistemas de información xeográfica.*
- c) A análise, diagnóstico, seguimento e valoración prospectiva de fenómenos e procesos socioterritoriais e económicos.*
- d) A análise e diagnóstico dos procesos ambientais así como a planificación e xestión do medio ambiente e os seus recursos.*
- e) A realización de estudos e avaliacións de impacto ambiental e territorial.*
- f) A localización de accións ou proxectos e a avaliación da súa incidencia nas estruturas e sistemas territoriais.*
- g) A planificación e xestión urbanística, económica, sectorial, territorial e ambiental.*
- h) O ensino da Xeografía, en todos os niveis de docencia.*
- i) A difusión de coñecementos xeográficos mediante a utilización de medios de edición e comunicación social.*

Polo tanto, as devanditas actividades relacionan á Xeografía cun número amplo de disciplinas, como poden ser a Economía, a Socioloxía, as Ciencias Políticas, as Enxeñerías agrícola, forestal ou topográfica, as Ciencias Ambientais, a Física, a Arquitectura...

Dentro da USC, ensinantes de Xeografía participan activamente no IDEGA, organismo que pula polo desenvolvemento económico de Galicia, ou son parte fundamental do novo *Máster en Dirección e Planificación do Turismo*.

E por último, a entrada de Xeógrafos nestes diferentes eidos citados visualízase, por exemplo, na Xunta de Galicia, onde os Directores Xerais de Turismo e de Urbanismo son Xeógrafos.

Porén, a Xeografía non debe ficar en exclusiva dentro das materias básicas da póla de Artes e Humanidades, pois isto non se corresponde coa realidade profesional da ciencia xeográfica, e máis cando dentro do chamado "Proceso de Boloña", o Ministerio pretende renovar, actualizar e deseñar o futuro do ensino universitario, para que sexa máis acorde co mercado laboral e coas necesidades de desenvolvemento do Estado español.

En consecuencia, por medio da presente, o Colexio de Xeógrafos vén demandar a súa comprensión e o seu posicionamento favorable á ampliación das pólas de coñecemento onde debe estar a Xeografía (ó igual que acontece con outras disciplinas coma a Historia, a Socioloxía, a Bioloxía ou a Física), nomeadamente nas de Ciencias Sociais e Xurídicas e Ciencias (na que no borrador anterior xa estaba, pero que posteriormente foi eliminada). Desta maneira o carácter transversal da Xeografía sería respectado e se poderían desenvolver estudos de grao e posgrao de Xeografía atractivos, con proxección de futuro, e, sobre todo, axeitados ás necesidades dunha sociedade con importantes problemas territoriais por resolver.

Aproveitamos a ocasión para poñernos á súa disposición, neste ou naqueloutro asunto que poda ser de interese común para ámbalas dúas institucións.

Cordialmente seu,

Ignacio Fernández López  
Presidente da Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos